

NADAL E ANINOVO

O 24, 25, 31 de decembro e o 1 e 6 de xaneiro teñen lugar as principais festividades de Nadal. Celebramos eses días e noites con alegría e cantamos panxoliñas con pandeiros.

24 e 25 de decembro

Nadal é un tempo para convivir coa familia. En Noiteboa os católicos teñen unha celebración especial nas igrexas, que é chamada 'a misa do galo' en Galicia (The Cock's Mass). As familias cean xuntas saboreando pavo ou pratos e doces típicos de Nadal bebendo champaña. Os doces especiais son o "turrón" feito con améndoas e mel e os "mantecados", feitos con fariña, azucre, améndoas e aceite.

A nosa vila natal é decorada con moitas luces e símbolos como Papa Noel, árbores de Nadal, campás, farois... e tamén Beléns.



Os rapaces decoran as escolas e as súas casas. Antes das vacacións cantamos panxoliñas e temos representacións teatrais nas que os estudantes visten coma pastores, anxos, e a Sagrada Familia. Ademais decoramos unha árbore de Nadal con luces e unha gran estrela e un BELÉN con figurinas que representan a aldea de Xosé, o carpinteiro e María, o neno Xesús e os pastores coas súas ovellas e as cortes, os tres Reis Magos, Herodes, e tamén unha estrela.



Normalmente poñemos adornos nos interiores con visgo, luces, postais de Nadal, fitas de cores, ...



28 de decembro

Lembramos a matanza de nenos inocentes en tempos de Herodes. A xente búrtese dos que son “inocentes” e gástalles bromas.

31 de decembro e 1 de xaneiro

O día de Ano Vello as familias cean xuntas normalmente na casa, pero ás veces mozos e adultos celebran o Novo Ano con amigos nun restaurante. Ás 12 da noite comemos 12 uvas para ter sorte o resto do ano.



6 de xaneiro

O 6 de xaneiro veñen os Reis Magos cunha chea de agasallos para nenos e maiores. En España os agasallos de Nadal tráenos os 3 Reis Magos. O día 5 hai un desfile chamado ‘Cabalgata de Reis’ para os nenos. Acaban de chegar e pasarán a noite repartindo agasallos (só para os nenos e nenas que foron bos). Á mañá seguinte comemos o Roscón de Reis, que leva unha sorpresa dentro.